

Como estudante tes dereito a empregar os servizos que a uvigo pon á túa disposición a través de Internet.

Nesta guía atoparás unha introdución aos servizos máis utilizados e ligazóns para obter axuda e resolver a túas dúbidas.

Secretaría Online



É a porta a un bo número de servizos dixitais que podes realizar a través de Internet, como cambios na túa matrícula, solicitude de bolsas, consulta de expediente, pago de taxas, etc.

Unha vez completado o proceso de automatrícula a conta de usuario que che da acceso a estes servizos créase automaticamente.



A primeira vez que accedas deberás recuperar os teus datos de acceso introducindo o enderezo de correo co que te matriculaches (@gmail, @hotmail, etc.) e así obter o teu NIU (Número de Identificación Universitaria) e establecer un contrasinal de acceso.

En caso de que non se atope o teu enderezo de correo, proba a darte de alta manualmente, podería ser que a alta automática fallase.

- <https://secretaria.uvigo.gal> -> Recuperar datos de acceso
- <https://secretaria.uvigo.gal> -> Crear conta na Secretaría Online



Se precisas axuda:

- Calquera dúbida relacionada coa túa matrícula, expediente, etc. Débela consultar en primeira instancia na **Secretaría de Alumnos do teu centro**.
- Na secretaría online tes unha sección de axuda onde están respondidas a maior parte das dúbidas en canto a servizos electrónicos
- <https://secretaria.uvigo.gal> -> Axuda

Conta de correo



Como estudante terás dispoñible unha conta de correo que ademáis de como caixa de correo poderás empregar para identificarte como membro da Universidade de Vigo tanto en servizos internos como externos á Uvigo.



Esta conta tamén se crea de forma automática e para utilizala deberás inicializala cun contrasinal novo.

Para iso accede a <https://correoweb.uvigo.es>, identifícate cos teus datos de acceso á Secretaría Online, e poderás consultar cal é a túa conta de correo e establecer un novo contrasinal. Na sección de Axuda da Secretaría tes instrucións detalladas de como facelo paso a paso.

- <https://correoweb.uvigo.es>
- <https://secretaria.uvigo.gal> -> Axuda

Campus Virtual (Faitic)



A plataforma FaiTIC ofrece o servizo de Campus Virtual da UVigo. Aquí disporás dun espazo colaborativo para as túas materias matriculadas onde poderás acceder a documentación subida polo profesorado e interactuar co resto do alumnado.

Ten en conta que o uso de faitic non é obrigatorio, así que pode haber materias que non dispoñan deste espazo.



A túa conta en fatic tamén se crea automaticamente e para acceder a primeira vez deberás establecer un contrasinal de acceso. O teu usuario será o teu DNI sen letra (en caso de NIEs e pasaportes, si levan letra).

A día de hoxe Fatic non está integrada co resto de aplicacións, polo que a clave de acceso é diferente e só válida para Fatic.

- <https://fatic.uvigo.es>

Rede Wifi



A Universidade de Vigo dispón dunha rede sen fíos que se estende a todos os centros de todos os campus. Para poder empregala deberás identificarte coa túa conta de correo proporcionada por Uvigo.



Cando te conectes terás dispoñibles dúas redes:

- alumnos
- eduroam

Aínda que é un pouco máis difícil de configurar recomendamos que empreges eduroam xa que:

- Só a terás que configurar 1 vez.
- A información vai cifrada, mentres que en alumnos non. Se empregas alumnos, dado que as conexións van en claro polo aire, calquera usuario ou usuaria avantaxado podería chegar a ver as túas comunicacións.
- Se viaxas a outra Universidade ou institución (museo, aeroporto, biblioteca, etc.) que estea asociada ao proxecto eduroam, terás internet de forma inmediata sen necesidade de configurar nada.



A forma máis sinxela de configurar eduroam é mediante o instalador que te podes descargar desde <https://cat.eduroam.org>

- <https://cat.eduroam.org>
- <https://secretaria.uvigo.gal> -> Axuda

App e Tarxeta Universitaria



A Tarxeta Universitaria Intelixente (TUI) acredítate físicamente coma membro da comunidade universitaria da Uvigo para obter libros na Biblioteca ou acceso a recintos restrinxidos.

Mediante a app da UVigo, que podes instalar tanto en dispositivos Android coma iOS, terás toda a actualidade da uvigo no teu peto e tamén a TUI no teu móbil.

Unha vez que teñas a túa conta na Secretaría Online xa poderás a app e para a emisión da TUI terás que acercarte a unha das oficinas do Banco Santander que hai nos Campus e solicitar a túa tarxeta.

- Busca “uvigo” na tenda de aplicacións do teu dispositivo

Resumo



Para usar os servizos dixitais da uvigo necesitarás coñecer a túa conta uvigo, que se compón de dúas partes:

- Datos de acceso á Secretaría Online (DNI + NIU + clave)
- Enderezo e clave da conta de correo institucional

Con estes datos poderás acceder á maioría dos servizos que a Uvigo ofrece por Internet.

Lembra que moitas das dúbidas xa están respondidas en:

- <https://secretaria.uvigo.gal> -> Axuda